

David Santomil, portavoz municipal do BNG, fai balance



Como voceiro do grupo municipal do BNG, que balance fas destes tres anos de goberno tripartito en Ames?

Dende o primeiro momento manifestamos a vontade do BNG de Ames para artellar un goberno alternativo ao PP: facilitamos o nomeamento dun novo alcalde e chegamos a un acordo de goberno exemplar, na procura da estabilidade para sacar o Concello da parálise do anterior goberno.

Case tres anos despois, fago un **balance moi positivo**. Temos un goberno municipal máis democrático e transparente. Un tripartito, ademais en minoría, obriga a dialogar e a negociar entre nós, cos demais grupos municipais e coa veciñanza. Sentímonos partícipes en canto compartimos un programa de goberno único e consensuado

Cales son os principais logros?

Nos orzamentos municipais reflíctese unha clara aposta

polas **políticas sociais**: renda básica, vivenda de acollida, xantar na casa, axuda no fogar, obradoiros de emprego... Tamén reforzamos a **transparencia, a participación, o diálogo e a negociación**; a necesaria actualización da RPT, logo de 14 anos.

Outros aspectos importantes son os investimentos en **accesibilidade e no rural** (abastecemento, saneamento e outras obras), así como as melloras en equipamentos deportivos. Proxectos parados dende hai anos, como o **cemiterio municipal**, a reversión da parcela do parque de bombeiros e o **novo centro de saúde no Milladoiro** serán realidade grazas ás xestións realizadas por este goberno municipal.

No ámbito económico destacaríaa a rebaixa do IBI, os orzamentos de 2017 e 2018, os **orzamentos participativos**, eliminar o plan de axuste do PP ao liquidar a débeda. Finalmente, para o medio prazo, o **proxecto "Impulsa Ames"**, dotado con 5M de euros con fondos europeos, dará zonas verdes ao

Milladoiro, melloras no transporte público interno, na administración electrónica ou novos equipamentos nos núcleos urbanos de Milladoiro e Bertamiráns.

Como se sacan adiante tantos proxectos sendo un goberno tripartito e en minoría?

Primeiro, negociando ben ao principio que se vai facer, o programa, e como chegar a acordos. Segundo, con confianza, diálogo e transparencia entre nós e cos demais grupos municipais. E terceiro, **poñendo por diante o interese das veciñas e veciños**. Ames é un exemplo político para Galiza e para o Estado.

Que achega o BNG ao goberno de Ames?

Somos unha garantía de estabilidade política e lealdade como socios de goberno. Así o demostramos no período 2003-2007 e agora no goberno tripartito. Coñecemos o Concello e temos iniciativa e proxecto político.



O BNG aposta polos centros educativos públicos

O Mapa de necesidades educativas de 2016, encargado pola Concellaría de Educación que dirixe o nacionalista David Santomil, desvelou un **importante déficit de prazas educativas** públicas en todo Ames, especialmente no Milladoiro. Este mapa foi a **base para demandar da Xunta** de Galicia que as dotase, e esta, que é a administración competente, decidiu a **ampliación do IES de Bertamiráns e do CEIP Agro do Muíño**, que están a executarse por máis de 1.200.000€, e unha **nova escola para infantil e primaria** no Milladoiro, para o cal o Concello procederá a unha expropiación de terreos.

Ademais, o Concello dotou con 60.000€ de fondos propios unha sala de usos múltiples no CEIP de Barouta. A esta cantidade hai que unirle os máis de 600.000€ investidos de 2015 a 2017 en subministracións, traballos de reparación e mantemento de todos os centros escolares.

Novas experiencias de innovación educativa: programa escolar de compostaxe comunitaria

A Concellaría de Educación, xuntamente coa Concellaría de Medio Ambiente, pon en marcha un novidoso programa escolar de compostaxe comunitaria.

No CEIP de Barouta, o centro escolar que presenta mellores condicións e que se postulou para a experiencia piloto, instaláranse catro composteiros grandes, froito dunha liña de axudas do Ministerio de Medio Ambiente, e outros dous máis pequenos para o proxecto educativo coas nenas e nenos. Neles aproveitaranse os restos da limpeza das verduras e froitas das cociñas da Rede de comedores escolares. Deste xeito nenas e nenos comprenderán o valor da reciclaxe e do aproveitamento dos residuos orgánicos e poderán utilizalos na horta escolar que dirixe unha das profesoras do centro.

A Concellaría facilita a colaboración do centro escolar coa Mancomunidade da Serra do Barbanza, que a través de Adegas, impartirá obradoiros sobre o consumo, o lixo, a reciclaxe e a elaboración de compost.



Escola unitaria de Ortoño

Promociónanse as escolas unitarias de Ortoño e Covas

A campaña posta en marcha pola Concellaría de Educación para dar a coñecer e poñer en valor as dúas escolas unitarias do Concello (en Ortoño e Covas) deu como **resultado o incremento da matrícula** nos dous últimos cursos, o que fai viable este modelo educativo de proximidade.

Educación pública e de calidade, programas de conciliación e participación da cidadanía na xestión educativa

Máis participación na política educativa

Un **amplo proceso participativo** coas ANPAS, o profesorado e todos os grupos políticos municipais deron como resultado a aprobación en 2016 do Regulamento do Consello Escolar Municipal de Ames.

Con este regulamento o **Consello Escolar Municipal**, do que forma parte toda a comunidade educativa amesá, é o referente municipal para as decisións en materia pola educativa.



Comedores escolares: melloras na xestión e do persoal



O persoal das dúas cociñas que abastecen os menús da rede de comedores municipais, situadas no CEIP Agro do Muíño e na EEI do Milladoiro, **foi incorporado por fin ao persoal municipal en 2017**, despois de estaren máis de dez anos contratadas en fraude de lei.

Por outra banda, modificáronse as ordenanzas fiscais e do Regulamento da rede municipal de comedores escolares e demais servizos educativos de conciliación (Bos Días Cole e Tardes Divertidas), o que **simplifica e mellora a xestión, especialmente no tocante ás bonificacións**. Agora a matrícula realízase unicamente a través do web www.conciliames.org.

Que facemos cos comedores escolares?

Na actualidade, **un de cada dous nenos escolarizados en Ames acode ao comedor** escolar, é dicir, 1.254 usuarios. Pero a demanda dos comedores escolares non para de aumentar, chocando coas limitacións dos espazos dos comedores (xa hai dúas quendas para comer na maioría dos centros) así como coas limitacións económicas, tanto para a contratación de monitores e monitoras como en alimentos.

A factura dos comedores escolares en 2016 supuxo 1,5 millóns de euros; as familias cobren o 47,8%, a Xunta de Galicia o 6,4% -cantidade que aumentou desde 2016- e o Concello o 45,8%: 650.000€.

E cómpre lembrar que proximamente **medrará a dotación de novas prazas educativas** (a obriga número un para atender) coa ampliación do CEIP Agro do Muíño e coa nova escola do Milladoiro.

Dende o BNG cremos que **cómpre unha reflexión seria sobre o modelo de comedor escolar** (servizo universal ou de conciliación) así como sobre os seus límites para que os comedores escolares de Ames poidan seguir sendo un referente como **servizo de conciliación, sustentable e con proxecto educativo**.





Impulso á programación cultural

Ames goza por fin dunha **programación cultural variada**, estable ao longo do ano e de calidade, con **especial protagonismo da cultura galega** e en galego, que inclúe principalmente teatro, música (destacando a recuperación do “Millarock”), maxia e cinema, orientada a todos os públicos mais cunha atención especial á infancia, como é lóxico neste concello. Destaca como novidade “Cinema Crianza”, un festival internacional de cinema para nenos e nenas que puxo a Ames no centro de mira de centos de creadores audiovisuais de todo o mundo e que permitiu ás crianzas e familias do noso concello (máis de 1.000 asistentes) coñecer as tendencias máis actuais en cinema infantil.

Para contribuír ao éxito da programación cultural púxose en marcha *A Billeiteira*, a aplicación de venda de entradas en liña do Concello, con máis de 15.000 usuarias/os.



Consolidación de escolas culturais

Logo de non lle prorrogar en 2015 o contrato das Escolas Culturais ao grupo empresarial Eulen e dun período de xestión directa, licitáronse as escolas culturais: de Artes Plásticas, de Teatro e de Baile, con novidades como o xogo dramático infantil, que tiveron **moito éxito** entre as crianzas.

Ademais, a Escola Municipal de Música xa figura no **Rexistro galego de escolas de música e danza**, logo de regularizar o local de Aldea Nova onde imparte clases a EMMA e de mellorar as instalacións. Ademais, para consolidar o proxecto da EMMA o BNG entende que o seu **profesorado** debe ser **persoal municipal**, o que se está a ver favorecido polas sentenzas xa emitidas nos xulgados sobre as demandas do profesorado de música, pois permitirán a súa **municipalización**.



Potenciar o feito cultural en Ames mediante a creación de públicos, a formación, a participación e a posta en valor do noso patrimonio é o obxectivo da Concellaría de Cultura, dirixida por David Santomil.

En valor o patrimonio amesán: Ponte Maceira, Ponte Cabirta e o futuro parque arqueolóxico comarcal

Alén dunha limpeza, fixéronse as xestións necesarias para que a Xunta declare **Ben de Interese Cultural (BIC)** un lugar emblemático como **Ponte Maceira**, onde ademais se organiza xunto con Negreira os concertos no verán "Noites en Vela".

Tamén se limpou a Ponte Cabirta de maleza e residuos para evitar o seu derrubamento; na actualidade agarda o recoñecemento de protección por parte de Patrimonio. Na actualidade estase a traballar na súa catalogación e consolidación.

Os importantes petróglifos con que contamos en Ames limpáronse de vexetación e facilitouse o acceso para evitar danos de posibles incendios. Alén de organizar co colectivo A Rula rutas nocturnas para coñecelos, estase traballando

nun **convenio coa Deputación da Coruña** e concellos da comarca, co obxectivo de crear un **parque arqueolóxico** conxunto.



Acondicionamento Ponte Cabirta

Mellora na participación con axudas, espazos e sinerxias: A Factoría

Para promover a **participación cultural** procurouse a mellora das axudas culturais e dos espazos onde poder facer cultura e compartila. Un proceso participativo no que **interviñeron as propias asociacións culturais e veciñais** levou a modificar as bases das axudas culturais, dándolles **maior transparencia e obxectividade**, cunha partida de 40.000€ para actividades das asociacións culturais e outra de 29.500€ para festas.

Reformouse o auditorio da Casa da Cultura de Bertamiráns, cun **investimento de 100.000€** para impermeabilización, modificacións no nivel das butacas para mellorar o visionado e de calefacción.

Os **locais socioculturais** de Biduido, Ortoño e Trasmonte acondicionáronse e melloraron a accesibilidade cun **investimento de 35.000 euros** no marco dos Orzamentos Participativos 2017.



En colaboración coa Concellaría de Mocidade, estase arranxando a antiga escola de Biduido para contar con **dous locais de ensaio**, no que é o xermolo da **Factoría**, un espazo para a creación e a colaboración musical. Complementariamente, está en marcha o **censo de grupos musicais amesáns**, un requisito indispensable á hora de empregar A Factoría e unha ferramenta para dar a coñecer os artistas locais e novos creadores e promover sinerxías.

As bibliotecas e a lectura, fundamentais

A recuperación dos **programas de animación á lectura e dos contacontos** están facendo máis evidente as necesidades de persoal e tamén de espazo en Bertamiráns.

O Concello de Ames xa forma parte da Rede de Bibliotecas Municipais de Galicia e adheriuse ao sistema KOHA, cun carné de socio único. Así mesmo, actualizouse o inventario e incorporáronse máis de 1.000 novos títulos a través das subvencións.

FALAMOS DE LINGUA E COMUNICACIÓN

Concienciar a sociedade amesá da necesidade de preservar a nosa lingua e abrir novos espazos para usar o galego son os obxectivos da concellaría de Normalización Lingüística que dirixe a edil do BNG de Ames Isabel Vaquero. Dous logros importantísimos son a propia existencia independente da Concellaría como tal e a apertura dunha partida concreta para a Normalización Lingüística.



Máis de 130 familias de Ames crían con Apego

Desde 2016 Ames participa no **programa Apego**, que se desenvolve en trinta concellos e se dirixe ás familias que teñen nenos/as de 0-6 anos ou esperan bebés, **co obxectivo de axudalas a criaren as súas fillas e fillos en galego.**

Con Apego, as familias reciben un agasallo inicial, a célebre caixa co polvo Po e outros materiais, ademais de asesoramento, información sobre recursos e unha chea de actividades de todo tipo (unhas 50 cada ano: formación, lúdicas, de creación de redes, espectáculos teatrais e musicais, xogos, etc., sempre con grande éxito de participación) para contribuír a socializar as pequenas/os na nosa lingua. Xa son **máis de 130 as familias adscritas** ao Apego en Ames.

Apego complementábase cos **obradoiros de sensibilización e formación** dirixidos ao persoal das escolas infantís, dos comedores escolares e doutras actividades educativas, para sensibilizalos coa **situación da lingua** e o conciencialos sobre a súa responsabilidade nas percepcións lingüísticas das nenas e nenos de Ames.

Galego para sempre

Co gallo da inauguración do cemiterio municipal lanzouse a campaña "Galego para sempre", á que se adheriron os párrocos do municipio, as principais funerarias e numerosos veciños e veciñas, que participaron nun acto simbólico de afirmación da vontade de vivirmos e podermos morrer e **ser lembrados/as tamén no noso idioma.**



Espazos para a lingua entre a mocidade

Manter a lingua oral entre a mocidade semella o gran reto para o galego. Por iso dende a Concellaría de Normalización **apóstase por actividades destinadas a que mozas e mozos falen galego.**

Ademais de manter, xunto coa Concellaría de Mocidade, o certame radiofónico "Desata a lingua", **decidiuse afortalar especialmente o "Club de Debate"**, coa figura dun preparador profesional para os nosos equipos, o que incrementou o número de participantes ata os 100 deste ano.

Ames participou en **dúas novas iniciativas, Enreguéifate**, un certame de regueifas, o noso xénero tradicional do desafío oral, e **Youtubeir@s**, destinada a promover a creación de contidos audiovisuais en Internet na nosa lingua.

Pondo en valor a lingua, con actividades para as crianzas e a mocidade en particular.

Reivindicación popular de Rosalía de Castro

Nos últimos tres anos febreiro é o mes de Rosalía en Ames: cunha **chea de actividades que achegan a súa figura e obra** aos comercios, aos bares e ás beirarrúas, coa programación especial de Ames Radio, coa excursión pola Ruta Rosaliana e co acto poético-musical no que participan centros educativos e veciñas/os.

Reivindicámola por ser unha muller libre, unha escritora universal preocupada polos problemas sociais do seu tempo e o seu país (a emigración, a situación da muller, a inxustiza...) e que revolucionariamente utiliza o galego na súa obra.



Melloramos a comunicación, afondamos na transparencia

Desde 2015 actualízase puntualmente na web municipal o **portal de transparencia, con todos os datos importantes** do concello: actas do Pleno e da Xunta de Goberno Local, retribucións, regulamentos e ordenanzas, convenios, contratos, orzamentos, ofertas de emprego, etc.

A Concellaría de Comunicación impulsou en 2017 as Bases para a contratación da publicidade institucional nos medios de comunicación que, de xeito pioneiro, establecen criterios obxectivos e procedemento, co fin de **achegar transparencia á relación cos medios de comunicación** nesta materia.

Aprobouse en 2016 o Consello Asesor da Comunicación, no que participan grupos

políticos, asociacións cidadás e profesionais para o **control social da radio**, recuperáronse os espazos para todos os grupos municipais así como o espazo **"O goberno responde"**.

En 2017 **abriuse a programación de Ames Radio á cidadanía, con trece proxectos de programa** de todo tipo (musicais, educativos, ecolóxicos, sobre TIC, arte, desenvolvemento persoal, etc.), que comezaron a emitirse en outubro e seguen podendo escoitarse no 107.2 da FM.

Comezou a publicarse **94 km²**, o boletín oficial do Concello en papel, onde se reflicten as principais iniciativas municipais. A súa periodicidade é semestral e tamén pode descargarse dende a web.

Facendo goberno, facendo País

O BNG de Ames forma parte, neste mandato, do Grupo de Goberno Local. As concellarías das que é responsábel corresponden a Educación e Cultura, á fronte da que está o portavoz municipal do Bloque, David Santomil Mosquera, e a de Normalización Lingüística e Comunicación, liderada por Isabel Vaquero Quintela. No noso concello, "o máis novo" da Galiza, esas áreas teñen unha importancia fundamental á hora de mellorar a calidade de vida das e dos amesáns.

Desde o BNG de Ames facemos parte, xunto con outros concellos do país, do que nós chamamos "Concellos BNG": referentes en temas que van desde o urbanismo ao medio ambiente, tratamento do lixo e aproveitamento do monte, políticas culturais e recuperación do patrimonio, políticas sociais e de igualdade, valorización dos sectores productivos, apoio ao comercio local e referentes en xestión administrativa e económica. En palabras de Ana Pontón, portavoz nacional do Bloque, "Os municipios que goberna o BNG son un desafío a esa idea de que Galiza non pode valerse por si mesma".

Desde o BNG facemos país, tamén, desde as propostas que levamos de xeito habitual ao Parlamento e, agora, ao Parlamento europeo coa nosa europarlamentaria Ana Miranda.

“O BNG impulsa o cambio nos concellos e mellora as condicións de vida da veciñanza”

Conversamos coa Portavoz Nacional do BNG, Ana Pontón, ante o novo proceso de eleccións municipais previsto para o mes de xuño de 2019



Como encara o BNG as eleccións municipais?

Desde o BNG encaramos as eleccións con optimismo, porque estamos á alza como forza política, e **a valoración do noso traballo nos concellos é moi boa**, mais igualmente temos que esforzarnos en dar a coñecer máis amplamente todo o que estamos a facer neles.

Ese traballo é o noso aval, e é o que fai que a sociedade nos perciba como una organización solvente, seria e con capacidade de goberno e de xestión.

O BNG abre as portas a todas as persoas que comparten, coa cabeza e o corazón, a necesidade de contar con forzas políticas propias para construír unha Galiza diferente e mellor

Nos últimos tempos están a difundir a marca *#ConcellosBNG*, que tentan transmitir con esta proposta?

#ConcellosBNG é a marca dos concellos comprometidos con Galiza, concellos con proxectos sólidos que funcionan e que conseguen que **sexamos referentes de mellora e de transformación**, non só a nivel galego senón tamén a nivel internacional.

Quen viu a Pontevedra, a Allariz, á Pobra do Brollón, a Ribadeo, a Carballo... e quen os ve!
E así con todos os lugares onde podemos desenvolver e asentir a nosa acción de goberno.

En todos estes casos desenvolvemos o proxecto político nacionalista, pensado para o beneficio das maiorías sociais.

Cal é a filosofía do BNG na elaboración de candidaturas ante o reto das vindeiras eleccións municipais?

O BNG vai traballar para construír en cada concello candidaturas nas que os veciños e veciñas poidan confiar.

Queremos construír de maneira aberta proxectos de concello que poidan contribuir ao cambio en todo o País.

Os *#ConcellosBNG* destacan por ter unha boa xestión económica, o dinamismo social e cultural, a rexeneración urbana, a prioridade da atención social, a toma de medidas de xustiza social e a favor da igualdade...

Isto representa unha porta á esperanza porque demostramos que **desde os concellos podemos ir construíndo a nación próspera e con futuro que queremos**, fronte á Galiza submisa e irrelevante de Núñez Feijóo.